



RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTA DEFINITIVA, FORMACIÓN DE BOLSA E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO CANDIDATO PROPOSTO PARA ARQUITECTO TÉCNICO (FUNCIONARIO/A INTERINO/A).

EXPEDIENTE DECRETO: 2021/G003/001261

ANTECEDENTES:

Visto o decreto de alcaldía nº 866/2021 de data 27/08/2021, pola que se aproban as Bases do procedemento de selección, polo sistema de concurso oposición, para arquitecto/a técnico/a (funcionario/a interino/a) e posterior formación dunha bolsa de traballo

Considerando a documentación existente no expediente 2021/E001/000009 e os informes do rexistro municipal en relación ás solicitudes de participación e á ausencia de alegacións ás puntuacións provisionais.

Vista as actas de data 11/09/2021 22/09/2021 relativas ás listas provisionais de admitidos e excluídos, as actas do tribunal de data 13/10/2021, 14/10/2021 e 15/10/2021 en relación ás fases de oposición e concurso, e a acta de data 05/11/2021 relativa á ausencia de alegacións presentadas ás puntuacións provisionais, determinando a puntuación final acadada polos candidatos e a proposta de constitución da bolsa de emprego e de proposta de nomeamento do candidato de maior puntuación.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Aprobar a seguinte lista de puntuacións finais para o proceso selectivo:

DNI	TOTAL BAREMO	PUNTUACIÓN PROBA	SUPERA PROBA	PUNTUACIÓN TOTAL
***0755**	8	4,5	NON SUPERA	
***4688**	6,8	8	NON SUPERA	
***1291**	0,6		NON PRESENTADA	
***2876**	2,6	7	NON SUPERA	
***7809**	2,45	11,5	SUPERA	13,95
***2424**	7	10	SUPERA	17
***8402**	0,7		NON PRESENTADO	
***7940**	5		NON PRESENTADA	
***3763**	2,1		NON PRESENTADO	
***5191**	5,9	16,5	SUPERA	22,4
***4510**	2,1		NON PRESENTADO	
***8113**	0		NON PRESENTADA	

2. Proceder á constitución da bolsa de traballo por orde de puntuación obtida no proceso selectivo, que queda da seguinte maneira:

ORDE BOLSA	NOME	DNI	TOTAL BAREMO	PUNTUACIÓN PROBA	SUPERA PROBA	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PENAS LÓPEZ, DANIEL	***5191**	5,9	16,5	SUPERA	22,4
2	CAMINO VILARIÑO, MARÍA ISABEL	***2424**	7	10	SUPERA	17
3	ANIDO PUENTE, ANA	***7809**	2,45	11,5	SUPERA	13,95

3. Requirit ao aspirante proposto para nomeamento, D. Daniel Penas López, para que presente, no prazo de tres días hábiles dende a publicación da presente resolución, a documentación establecida na base Décimo Terceira e de conformidade coa mesma, a saber:

a) Os indicados na base 3ª.



Exp. 2021/G003/001261

b) *Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario.*

No caso de ser nacional doutro Estado, deberá presentar, ademais, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

c) *Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento da toma de posesión.*

d) *Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento da súa función, no caso de tratarse de persoas con minusvalías.*

e) *Código IBAN dunha conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de ter estado dado de alta).*

4. Advertir ao aspirante proposto que no prazo sinalado no apartado anterior si non presentara a documentación esixida, agás causa de forza maior debidamente acreditada, ou non reunise os requisitos esixidos non poderá ser nomeado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incurrir por falsidade. Neste caso, procederase á proposición do seguinte aspirante existente na lista de aprobados e se lle requirirá a documentación esixida.

5. Contra a presente resolución, apartados 1 e 2, poñen fin á vía administrativa, poderáse interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015, contra o resto de apartados, trátase dun acto de trámite, non susceptible de recurso, sen prexuízo das alegacións que se consideren pertinentes.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A *alcaldesa*, Margarita Lamela Louzán

A *secretaria*, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]